

HISTORIA DO MUNDO CONTEMPORÁNEO
ACTIVIDADES
UNIDADE 4
1. Marca cunha cruz a resposta correcta
PUNTO 1. DEMOCRACIAS E DITADURAS NA EUROPA DE ENTREGUERRAS E PUNTO 2. IDEOLOXÍA E BASES SOCIAIS DO FASCISMO (páxina 226 a 229)

1. As democracias no período de entreguerras estaban ameazadas entre outros factores como: ☐ o comunismo democrático ☐ os movementos fascistas ☐ os partidos liberais	2. A URSS trataba de estender a revolución comunista a outros países por medio: ☐ do Komintern ☐ do Partido Nacional Fascista ☐ do NSDAP
3. Os sistemas políticos democráticos viviron un período de consolidación en Europa: ☐ tras a Primeira Guerra Mundial ☐ durante o ascenso do nazismo ☐ en pleno inicio da Segunda Guerra Mundial	4. Moitas persoas defenderon a necesidade de contar con Gobernos fortes e autoritarios durante o período de entreguerras porque a democracia liberal parlamentaria: ☐ mantiña a estabilidade económica e social ☐ era incapaz de facer fronte aos novos e dramáticos desafíos da posguerra ☐ conseguiu satisfacer as necesidades de toda a poboación
5. A necesidade de contar con Gobernos fortes e autoritarios durante os anos vinte xustificouse nun primeiro momento: ☐ pola eficacia dos Gobernos parlamentarios ☐ pola escaseza de problemas económicos e sociais ☐ polo desexo de evitar o contaxio revolucionario dende Rusia	6. As posturas políticas radicalizáronse en Europa sobre todo tras: ☐ a crise económica dos anos trinta ☐ o descenso da desconfianza da poboación cara a democracia ☐ o crac da bolsa de Nova York en 1924
7. A burguesía e as clases medias agardaban para facer fronte á crise dos anos trinta: ☐ unha revolución comunista ☐ un Estado forte que impuxese disciplina e cohesión nacional ☐ un sistema democrático liderado polos partidos tradicionais	8. A revolución era a única saída á crise dos anos trinta pola que apostaba: ☐ toda a burguesía ☐ gran parte das clases baixas ☐ a maior parte das clases medias
9. Entre as solucións que ofrecían o fascismo e o nazismo á crise económica dos anos trinta estaba: ☐ a existencia de varios partidos ☐ a eliminación do totalitarismo ☐ un nacionalismo exaltado e agresivo	10. A democracia só subsistiu nos anos vinte: ☐ en Italia e Alemaña ☐ en Francia e Gran Bretaña ☐ nos países no que estaba máis asentada
11. Os países que tiñan un réxime democrático máis asentado durante os anos vinte conseguiron manter o seu sistema con medidas como: ☐ a integración dos partidos socialistas no xogo parlamentario ☐ a entrega do poder a partidos fascistas ☐ o impulso dunha revolución soviética	12. As ditaduras nacionalistas radicais de dereitas impuxéronse durante os anos vinte en territorios como: ☐ as illas Británicas ☐ Alemaña e os Países Baixos ☐ os países de Europa central, oriental, balcánica e mediterránea
13. A ideoloxía fascista propugnaba: ☐ a primacía do Estado sobre o individuo ☐ a primacía do individuo sobre o Estado ☐ a negación do Estado totalitario	14. A liberdade entre as persoas, os dereitos individuais e a separación de poderes eran: ☐ defendidas pola ideoloxía fascista ☐ negadas pola ideoloxía fascista ☐ consideradas absurdas polos réximes democráticos
15. A ideoloxía fascista defendía un sistema político ditatorial: ☐ cun xefe cun poder escasamente carismático ☐ asentada nos principios de igualdade e liberdade de partido único	16. O socialismo nacional que defendía a ideoloxía fascista trataba de: ☐ crear un conflito de clases ☐ atraer tanto ás clases medias como aos obreiros ☐ impulsar unha revolución de tipo bolxevique
17. Entre as ideas dos partidos fascistas estaba: ☐ A defensa dos dereitos humanos ☐ un nacionalismo agresivo, expansionista e militarista ☐ o rexeitamento a calquera media que conducise á guerra	18. Os sistemas políticos fascistas caracterizábanse por: ☐ ter ideas racistas ☐ defender o racismo unicamente fronte aos xudeus ☐ loitar pola superioridade das razas non arias

19. Os partidos fascistas trataban de mobilizar ás masas para encadralas: ☐ no seo do partido e do sindicato únicos ☐ nas organizacións paramilitares da oposición ☐ nos distintos partidos políticos do Parlamento	20. As milicias dos partidos fascistas outorgaban grande importancia: ☐ aos principios relacionados co feminismo ☐ aos símbolos, mítins e desfiles ☐ á liberdade de expresión e pensamento
21. Os primeiros apoios do fascismo procedían: ☐ da clase media afectada pola Gran Depresión ☐ dos militantes do comunismo ☐ dos oficiais e combatentes desmobilizados tras a Primeira Guerra Mundial	22. As clases medias acabaron apoiando os movementos fascistas debido entre outras razóns a: ☐ non estaban afectadas pola crise económica ☐ temían a expansión do comunismo ☐ defendían a eficacia do sistema liberal
23. Os grandes empresarios e terratenentes financiaron as organizacións fascistas para: ☐ favorecer a implantación do comunismo ☐ usalas como forzas de choque fronte a socialistas e comunistas ☐ instaurar un poder executivo débil capaz de incrementar a axitación obreira	24. Entre os grupos sociais que acabaron apoiando ao movemento fascistas estaba: ☐ a clase obreira ☐ os sindicalistas de esquerdas ☐ os demócratas convencidos
25. Os movementos fascistas eliminaron dos seus programas a demagogia revolucionaria anticapitalista para: ☐ implantar un sistema comunista ☐ expulsar das súas filas ás clases medias ☐ conseguir o apoio dos grandes empresarios e terratenentes	26. A toma do poder por parte dos movementos fascistas foi posible en gran medida grazas: ☐ ao apoio do exército e a policía ☐ ao rexeitamento por parte de todas as institucións do Estado liberal ☐ á escasa colaboración da maior parte da poboación
PUNTO 3. A ITALIA FASCISTA (páxina 230 a 233)	
27. Italia viuse envolta nunha vaga de folgas obreiras tras a Primeira Guerra Mundial debido entre outras cousas: ☐ ao incremento dos salarios ☐ á redución da xornada laboral ☐ ao aumento da inflación	28. Os empresarios e terratenentes de Italia a principios dos anos vinte víronse atemorizados pola: ☐ ocupación de fábricas e terras ☐ escasa repercusión das folgas ☐ implantación do réxime de Mussolini
29. O Partido Socialista Italiano sufriu unha escisión a principios da década dos vinte da que xurdiu: ☐ o Partido Nacional Fascista ☐ o Partido Comunista de Italia ☐ o Partido Nazi	30. Amplos sectores da sociedade italiana estaban frustrados tras a Primeira Guerra Mundial porque: ☐ os países aliados entregaron moitos territorios a Italia ☐ os países aliados non cumpriron as promesas que fixeran a Italia ☐ o Partido Nacional Fascista gobernaba dende finais da guerra
31. Benito Mussolini converteuse nun nacionalista extremo despois de: ☐ pertencer ao partido nazi ☐ fundar o Partido Comunista de Italia ☐ encabezar a ala radical do Partido Socialista	32. Os membros dos Fascios Italianos de Combate identificábanse pola súa: ☐ chaqueta parda ☐ camisa negra ☐ cabeza rapada
33. A crecente desconfianza dos italianos cara o réxime parlamentarios a inicios dos anos vinte provocou que: ☐ os terratenentes e propietarios agrícolas optasen polo socialismo revolucionario ☐ o exército e a policía rexeitasen calquera instrumento de orde ☐ amplos sectores sociais apoiasen ao fascismo	34. Benito Mussolini abandonou a tendencia revolucionaria e preparou o fascismo para a loita parlamentaria: ☐ transformando os fascios no Partido Nacional Fascista creando o Partido Comunista de Italia ☐ organizando escuadróns de combate para atacar as sedes dos partidos e sindicatos de dereitas
35. O mando do Partido Nacional Fascista de Italia organizou en 1922 a Marcha sobre Roma para: ☐ obrigar ao rei a abdicar ☐ entregar o poder aos partidos e sindicatos de esquerda ☐ esixir un Goberno cun mínimo de seis ministros fascistas	36. A reacción do rei de Italia Vitor Manuel III ante a Marcha sobre Roma foi: ☐ decretar o Estado de sitio presentado polo seu primeiro ministro ☐ solicitar a Mussolini que formase Goberno ☐ frear a insurrección fascista
37. Os primeiros pasos de Mussolini no poder en Italia foron: ☐ formando un Goberno de coalición ☐ renunciando a ter poderes extraordinarios ☐ entregando o poder a partidos de esquerda	38. O deputado socialista Giacomo Matteotti foi asasinado por bandas fascistas por: ☐ entregar o poder a Mussolini ☐ denunciar a nulidade das eleccións ☐ non querer ocupar o seu escano no Parlamento
39. As chamadas leis fascistísimas incluían medidas como: ☐ a eliminación do partido fascista ☐ a desintegración da policía política secreta ☐ a creación dun tribunal de delitos políticos	40. Entre as medidas que contiñan as chamadas leis fascistísimas estaba: ☐ a implantación da censura de prensa ☐ o recoñecemento do Estado do Vaticano ☐ a limitación dos poderes de Mussolini

41. Mussolini substituíu a Cámara de Deputados pola: ☐ OVRA ☐ Cámara dos Fascios e Corporacións ☐ Consello Nacionalcomunista	42. A sinatura dos Pactos de Letrán entre o Estado italiano e a Igrexa católica tivo entre outras consecuencias: ☐ a desaparición do Estado do Vaticano ☐ o recoñecemento do catolicismo como a única relixión do Estado italiano ☐ a consideración do papa como o duce
43. Mussolini adoptou unha postura claramente expansionista que o levou a: ☐ invadir Etiopía ☐ rexeitar a alianza con Alemaña ☐ negarse a participar na Guerra Civil española	44. O Eixe Roma-Berlín formouse en 1936 despois: ☐ da colaboración entre Francia e Italia na Guerra Civil Española ☐ do achegamento entre Hitler e Mussolini ☐ da derrota de Italia na Segunda Guerra Mundial
45. O Estado fascista italiano outorgaba gran importancia á educación porque quería: ☐ formar cidadáns libres e con valores democráticos ☐ pechar os colexios menos rendibles ☐ controlar a forma de pensar e as actividades da poboación	46. O Estado fascista italiano instaurou un sistema corporativista a través do que pretendía: ☐ eliminar os sindicatos e a patronal ☐ organizar a economía e xestionar as organizacións sociais ☐ defender o principio da loita de clases
47. A política intervencionista do Estado fascista italiano levouse a cabo a través dun conxunto de iniciativas ás que se presentou: ☐ programas políticos ☐ dereitos universais ☐ batallas	48. O Instituto para a Reconstrución Industrial foi creado por Mussolini para: ☐ acabar coa autarquía ☐ canalizar os investimentos do cara industrias de valor estratéxico ☐ renunciar á política intervencionista
PUNTO 4. A ALEMAÑA NAZI (páxina 234 a 238)	
49. A república que se proclamou en Alemaña tras a Primeira Guerra Mundial tivo que facer fronte a problemas como: ☐ á escaseza de dificultades económicas ☐ aos intentos insurreccionais por parte da esquerda moderada ☐ á sinatura do armisticio cos aliados	50. O impulso definitivo para o ascenso definitivo do nazismo ao poder deullo: ☐ o Putsch de Múnic ☐ a Gran Depresión ☐ a noite dos cristais rotos
51. Os espartaquistas eran un grupo político alemán que era partidario de: ☐ impedir unha revolución bolxevique ☐ instaurar unha república socialista ☐ axudar a Hitler a subir ao poder	52. A insurrección dos espartaquistas en Alemaña rematou: ☐ sendo esmagada ☐ implantando un réxime bolxevique ☐ substituíndo ao nazismo no poder
53. A Asemblea Constituínte que se estableceu tras a Primeira Guerra Mundial en Alemaña reuníase na cidade de: ☐ Múnic ☐ Berlín ☐ Weimar	54. A Constitución que se aprobou en Alemaña tras a Primeira Guerra Mundial recollía principios democráticos como: ☐ unha república ditatorial ☐ un réxime de partido único ☐ o sufraxio universal feminino
55. A sinatura do Tratado de Versalles supuxo unha dura carga para a república formada en Alemaña tras a Primeira Guerra Mundial porque: ☐ contiña pesadas indemnizacións de guerra ☐ permitiu reducir a inflación ☐ declaraba ilegal o nazismo	56. A hiperinflación que afectou a Alemaña a inicios dos anos vinte provocou: ☐ o descenso do malestar social ☐ a desconfianza da poboación cara o novo sistema republicano ☐ o incremento do apoio á democracia
57. A República de Weimar viviu un período de estabilidade entre 1924 e 1929 debido a que os países vencedores na Primeira Guerra Mundial: ☐ decidisen axudar a Alemaña a saír da crise ☐ apoiasen a subida ao poder do nazismo ☐ permitisen un gran incremento da hiperinflación	58. A organización paramilitar fundada por Hitler que exercía a violencia contra os seus adversarios era a: ☐ do Partido dos Traballadores Alemáns ☐ do NSDAP ☐ das SA
59. O partido nazi quería establecer unha ditadura nacionalista que eliminase aos que consideraba inimigos de Alemaña como: ☐ os arios, os comunistas e os antisemitas ☐ Os demócratas, os marxistas e os xudeus ☐ Os republicanos, os anticomunistas e os membros das S.A.	60. Hitler pretendía unir a todos os alemáns nunha Grande Alemaña dotada dun espazo vital que: ☐ permitise vivir aos xudeus en paz ☐ comprendese toda Europa e parte de Asia ☐ asegurase o desenvolvemento da raza aria
61. O soporte central da organización do partido nazi era: ☐ o respecto polas opinión de todos os membros do partido ☐ a estrutura xerarquizada de carácter democrático ☐ a figura do fñhrer	62. O Putsch de Múnic foi un golpe de Estado que preparou Hitler e grupos ultranacionalistas de dereitas que rematou: ☐ fracasando estrepitosamente ☐ enviando ao cárcere a milleiros de xudeus ☐ entregando inmediatamente o poder ao partido nazi

63. Mein Kampf é un libro que escribiu Hitler durante a súa estancia na prisión no que: ☐ renunciaba ás ideas antisemitas ☐ expoñía os principios básicos do nazismo ☐ predecía a derrota na Segunda Guerra Mundial	64. O Partido Nacional Socialista dos Traballadores Alemáns transformouse nun partido de masas e aceptou o xogo parlamentario: ☐ no momento da súa fundación ☐ tras o fracaso do Putsch de Múnic ☐ durante o incendio do Reichstag
65. O partido nazi converteuse no segundo partido máis importante do Reichstag: ☐ nas eleccións de 1930 ☐ nas eleccións de xullo de 1932 ☐ durante o Putsch de Múnic	66. As eleccións de xullo de 1932 en Alemaña tiveron como resultado: ☐ a vitoria do partido nazi ☐ a maioría absoluta do partido nazi ☐ un triunfo dos partidos de esquerdas
67. Hitler foi nomeado presidente por Hindenburg formando un Goberno: ☐ de coalición entre os nazis e a dereita clásica ☐ principalmente con representantes dos partidos de esquerda ☐ unicamente con ministros nazis	68. O incendio do Reichstag en 1933 foi aproveitado polos nazis para: ☐ acusar a Hitler de provocalo ☐ aplicar os dereitos fundamentais ☐ afirmar que era parte dun complot comunista
69. Hitler convertiu Alemaña nunha ditadura de partido único: ☐ antes do incendio do Reichstag ☐ tras as eleccións de 1933 ☐ durante a noite dos coitelos longos	70. Hitler ordenou o asasinato do xefe das AS, dos seus principais dirixentes e de destacados opositores durante: ☐ o incendio do Reichstag ☐ a noite dos coitelos longos ☐ tras a noite dos cristais rotos
71. A morte do presidente Hindenburg provocou que Hitler: ☐ renunciase a instaurar unha ditadura ☐ formase un Goberno de coalición cos partidos de esquerda ☐ asociase a chancelería á presidencia do Reich	72. A industria do ocio experimentou un notable crecemento durante o período de entreguerras entre outros motivos porque: ☐ se desenvolveu a radio e o cine ☐ se inventou a prensa escrita ☐ descendeu o consumo popular da cultura
73. A morte do presidente Hindenburg provocou que Hitler: ☐ renunciase a instaurar unha ditadura ☐ formase un Goberno de coalición cos partidos de esquerda ☐ asociase a chancelería á presidencia do Reich	74. A educación e as organizacións xuvenís eran utilizadas polo réxime nazi para levar a cabo: ☐ unha educación conxunta de mozos e mozas ☐ unha campaña masiva de adoutramento e control ideolóxico ☐ acabar co culto ao fñhrer
75. Os rapaces e as rapazas durante a Alemaña nazí, rixidamente separados por sexos, entraban a formar parte: ☐ das escolas parroquiais de catequese ☐ das SS e da Gestapo ☐ das Xuventudes Hitlerianas	76. As teorías racistas, o antisemitismo e o militarismo eran utilizados polo nazismo para: ☐ atacar a figura do fñhrer ☐ adoutrinar a xuventude ☐ defender a liberdade e a igualdade entre os individuos
77. A censura das actividades artísticas e literarias que levou a cabo o nazismo realizouse a través de actividades como: ☐ a difusión de carteis para eloxiar a figura do fñhrer ☐ a queima de libros favorables á ideoloxía nazi ☐ a elaboración de listas de autores prohibidos	78. Joseph Goebbels estaba á fronte do Ministerio para a Formación do Pobo e da Propaganda que se encargaba de: ☐ permitir calquera medio de comunicación fóra do control nazi ☐ difundir os valores patrióticos e racistas ☐ crear campañas de publicidade para distintos partidos políticos
79. O nazismo alemán trataba de substituír a división en clases sociais pola: ☐ aplicación das teorías marxistas ☐ eliminación da raza aria ☐ unidade e supremacía racial	80. Os xudeus foron excluídos da cidadanía alemá e prohibíronselle os matrimonios mixtos tras: ☐ a promulgación das leis de Núremberg ☐ a renuncia á solución final ☐ o triunfo do Putsch de Múnic
81. A noite dos cristais rotos consistiu nunha serie de actos nos que as SA e as SS: ☐ detiveron a miles de oficiais nazis ☐ saquearon tendas e sinagogas xudías ☐ levaron a cabo matrimonios entre xudeus e arios	82. A Solución Final era un programa ordenado por Hitler que se levou a cabo: ☐ na noite dos coitelos longos ☐ durante a Segunda Guerra Mundial ☐ en campos de traballo e exterminio ao longo dos anos vinte
83. O goberno nazi de Alemaña levou a cabo unha política intervencionista en economía na que se aplicaron medidas como: ☐ a relaxación da disciplina e da orde dos traballadores ☐ a creación de numerosos sindicatos ☐ a obriga dos traballadores de integrarse no sindicato nazi	84. A política económica do goberno nazi centrouse en solucionar algúns dos problemas máis preocupantes da Alemaña da época e tratou de: ☐ paralizar a economía ☐ impulsar o comercio exterior ☐ aumentar o desemprego

85. A decidida política de autarquía económica e de rearmamento intensivo da Alemaña nazi consistiu na aplicación de medidas como: ☐ a redución da utilización dos recursos do solo e do subsolo ☐ a produción de sucedáneos e de produtos sintéticos ☐ a diminución dos investimentos na industria de guerra	86. A política de autarquía que tratou de levar a cabo a Alemaña nazi non foi total debido á: ☐ falta de materias primas estratéxicas e de alimentos ☐ abundancia de recursos minerais estratéxicos ☐ renuncia á ampliación do espazo vital
87. Os sacrificios que o goberno nazi impuxo aos obreiros, como a conxelación de salarios e o aumento da xornada laboral deron como resultado: ☐ a redución da produción ☐ o pleno emprego ☐ o descenso da fabricación de armamento	88. A política económica do goberno nazi non se podía sustentar a longo prazo porque o seu mantemento dependía de que: ☐ houbera unha ausencia total de conflitos en Europa ☐ estourase unha guerra para dar saída á grande acumulación de armamento ☐ non puidese obter recursos doutros países

ESTRUTURA DO EXAME

O exame da **unidade 10 do libro de texto**, o relativo a **O ascenso dos totalitarismos fascista e nazi**, constará das seguintes preguntas:

- Un **exercicio con vinte preguntas tipo test** (cada pregunta fallada penalizará unha pregunta acertada)
- Un **exercicio con cinco termos para definir**:
 - EXEMPLOS DE TERMOS: *(calquera dos once que aparecen definidos no arquivo que está colgado na aula virtual)*
- Un **comentario dun bloque de documentos**, que constará dun **texto** e dunha **imaxe**, que incluírá os pasos e as pautas a seguir, que poderá tratar sobre a **Italia fascista** ou sobre a **Alemaña nazi** e que se corresponderá coas actividades deste tipo que están na aula virtual.